

## **ORDENANZA Nº 17 SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO**

### 1. Ámbito de aplicación.

- a) Comprende os terreos afectados pola protección do patrimonio histórico-artístico.
- b) No presente documento inclúese unha relación deste patrimonio, ó que se lle engadirá o que poida ser incluído no inventario que realizará o órgano competente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

### 2. Zonas de protección arqueolóxica.

Establécense dúas zonas de protección:

- Área de Protección integral para o propio elemento. Nestas zonas quedan prohibidas tódalas operacións que impliquen variacións sobre o existente (movementos de terra, edificacións, urbanizacións, etc), coa excepción lóxica de aquelas destinadas ó coñecemento, conservación ou posta en valor do elemento, sempre que contén coa preceptiva autorización do organismo competente en materia de Patrimonio.
- Área de cautela do elemento. Comprende un entorno arredor do elemento catalogado e en estreita relación con el. A súa delimitación responde ás necesidades de protección do ben catalogado.

Para cada un dos elementos catalogados sinalase na documentación gráfica un área de protección específica en función das características do mesmo.

Dentro destas áreas de protección, será preciso informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante para a realización de calquera das actividades enumeradas no artigo 168 da Lei do Solo de Galicia.

En caso de acomete-la redacción dun Plan Especial para o análise detallado dos B.I.C. poderanse propoñer no mesmo distancias de protección menores das indicadas anteriormente. Estes Plans Especiais terán informe vinculante da Consellería de Cultura.

Cando varios elementos singulares se articulen nun conxunto, o área de influencia trazarase a partir dos elementos máis exteriores do conxunto e abarcará a totalidade de aquel.

Nas solicitudes de licencia para a realización de edificacións ou actividades situadas dentro destas franxas, consultarase a información cartográfica e fotográfica precisa para determina-lo impacto que producirá esta sobre o ben protexido.

Fóra das áreas catalogadas, en calquera terreo onde aparecera un xacemento ou indicios razoables da súa existencia, a Corporación ordenará a paralización das obras que se estivesen realizando e dará conta ó organismo competente na materia para que adopte as medidas de protección que establece a lexislación vixente.